



CONCELLO DE A BOLA  
(OURENSE)  
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

## **M<sup>a</sup> TERESA BARGE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE A BOLA (OURENSE)**

### **INFORMA**

Que a **Xunta de Galicia** ( Instituto de Estudos do Territorio), convoca liñas de axudas para actuación de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas. (Código de procedemento MT402A).

#### **Actuacións subvencionables:**

Poderán ser obxeto desta subvención:

- Actuacións de restauración e/ou revestimento de elementos de fachada.
- Renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpinterías ou cerraxerías exteriores.
- Remate ou renovación do acabado exterior de cubertas que, ben por estar finalizadas con placas de fibrocemento ou solución constructivas non adecuadas para quedar a vista, ben por encontrarse en estado deficiente de conservación, constituen un impacto paisaxístico.
- Recuperación ,restauración e/ou revestimento de muros de peche de terreos

#### **Os materiais e cores que se empreguen deberán adaptarse aos criterios da Guía de cor e materiais de Galicia**

#### **Beneficiarios:**

As persoas físicas titulares dun inmovible

A persoa solicitante deberá ser propietaria do terreo, inmovible ou ben no que se pretende realizar a actuación.

Só se poderá presentar una solicitude por persoa, pero cada solicitude poderá conter varias actuación.

Deberán estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como resto de obrigacións tributarias.

Todas as actuación deberán contar, sempre e en todo caso, coa comunicación previa ou, de ser necesaria, a correspondente licenza municipal

### Gastos subvencionables

- Gastos necesarios para a axeitada execución das actuación subvencionadas, tales como materiais e man de obra.
- Gastos correspondentes a honorarios facultativos devengados pola redacción dos proxectos técnicos precisos para a execución das actuación. Estes gastos non poderán superar o 10 % da inversión subvencionada.
- Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente

### Contía:

O importe da subvención será do 70 % do orzamento da inversión subvencionable, co límite máximo de 3.000 euros por solicitante.

Documentación solicitude:

Para solicitar a axuda deberase PRESENTAR ELECTRÓNICAMENTE E PODERASE EMPREGAR CALQUERA DOS MECANISMOS DE IDENTIFICACIÓN E SINATURA ADMITIDA POLA SEDE ELECTRÓNICA DA Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365.

- Anexo I, no que deberá constar:
  - O conxunto de todas as axudas solicitadas
  - Que o beneficiario se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten pendentes deudas coa Comunidade Autónoma
  - Que todos os datos e documentos que se aportan na solicitude son certos
  - Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Que cumprirá a normativa estatal e autonómica de aplicación
  - Que se compromete a cumprir coas obrigacións e requisitos que se sinalan na Orde da subvención
  - Que as actuacións para as que se solicita a subvención teñen a consideración de gastos subvencionables e non estaban iniciadas con anterioridade a publicación da convocatoria das axudas
  - Que o titular ten plena dispoñibilidade sobre os terreos ou inmobles nos que se van a desenvolver as actuacións.
- Acreditación da representatividade suficiente para actuar en nome da persoa solicitante, de ser o caso.
- Memoria descriptiva das actuacións a realizar, que deberá conter como mínimo, a enumeración das unidades de obra previstas, a medición de cada una de elas, os presos unitarios e o orzamento total, co IVE desglosado
- Reportaxe fotográfico do ben sobre o cal se vai actuar detallado, máis fotografías xerais do inmovible, terreo ou ben sobre o que se vai actuar.

- 

**No caso de que o orzamento para obras supere os 40.000 euros e 15.000 en servizos ou suministros, presentarase 3 presupostos.**

**Prazo de presentación ata o 21 de febreiro de 2025.**

**Para máis información ou para a tramitación das axudas poden pasar polas oficinas do Concello, de luns a venres de 9:00 a 15:00 horas, ou chamar ao teléfono 988451293.**

A Bola a 9 de xaneiro de 2025

A ALCALDESA